



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2023-11

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

14 de Decembro de 2023

Lugar

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**10:06**

Hora de Finalización

**10:23**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

DANIEL DE DIOS MANSO  
EMILIO FERNANDEZ PARADA  
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ  
LUCIA GIL CID  
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declárase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 13.11.2023 (ACTA 10/2023)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

### 2º. DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 07.09.2023.

A seguir, fíxose entrega aos concelleiros das convocatorias das Xuntas de Goberno Local celebradas dende a sesión **ordinaria** do Pleno de data **7 de setembro de 2023**, de acordo có seguinte:

#### **ACTA 2023-15. Xunta de Goberno Local do 9 de setembro de 2023:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 10.08.2023 (Acta 202/14)
- 2º. Aprobación dos padróns do segundo cadrimestre do 2023: da taxa de abastecemento domiciliario de auga e do canon da auga da Xunta de Galicia.
- 3º. Concurso da Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades físico - deportivas 2023.
- 4º. Conta xustificativa da actuación "Sinalización de ruta etnográfica e arqueolóxica de Castrelo do Val" executada ao abeiro da Resolución da Axencia de Trismo de Galicia, do 9 de febreiro de 2023 (DOG núm. 33, do 16/02/2023) de axudas para actuacións de mellora das





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

infraestruturas turísticas (TU503D)

### **ACTA 2023-16.** Xunta de Goberno Local do **28 de setembro de 2023:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 07.09.2023 (Acta 202/15)
- 2º. Aprobación das bases reguladoras da convocatoria polo sistema de concurso-oposición, por promoción interna, para a funcionarización do persoal laboral fixo que desempeña postos de traballo clasificados como propios de persoal funcionario, dunha praza de técnico - axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) OEP extraordinaria de 2023.
- 3º. Conta xustificativa da actuación "Acondicionamento de fachada en Casa do Concello e lavadoiro en Campobeceros" executada ao abeiro da Resolución do Instituto de Estudos do Territorio, do 12 de decembro de 2022 (DOG núm. 11, do 17/01/2023) de axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia (MT402B)
- 4º. Nomeamento de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da actuación "Melloras no abastecemento no concello de Castrelo do Val" obra do Fondo adicional ao Fondo de cooperación local para concellos de poboación inferior aos 15.000 habitantes (PR486B)

### **ACTA 2023-17.** Xunta de Goberno Local do **10 de outubro de 2023:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 28.09.2023 (Acta 202/16)
- 2º. Orde do 25 de setembro de 2023 de axudas e subvencións de fomento do emprego para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (TR351B)
- 3º. Certificación núm. 1 da obra "Aglomerado asfáltico en Rúa O Carboeiro, en Castrelo do Val" do Plan de mellora de camiños municipais 2023-2024, (OBRA PM23-0223)
- 4º. Conta xustificativa da "Actuación en materia de biorresiduos de competencia municipal - Liña 2, no Concello de Castrelo do Val" ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para actuacións destinadas á mellora da xestión de biorresiduos. Fondos de Recuperación e Resiliencia (MT975K), anualidade 2023.

### **ACTA 2023-18.** Xunta de Goberno Local do **26 de outubro de 2023:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 10.10.2023 (Acta 202/17)
- 2º. Conta xustificativa do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade 2023.
- 3º. Certificación núm. 1 Liquidación da obra "Saneamento e abastecemento en Rúa Fontairo en Castrelo do Val e substitución de fosa séptica en Servoi" do Fondo de compensación ambiental 2023 (PR483C)
- 4º. Conta xustificativa do programa provincial de cooperación cós concellos en materia de mocidade para o ano 2023.

### **ACTA 2023-19.** Xunta de Goberno Local do **7 de novembro de 2023:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 26.10.2023 (Acta 202/18)
- 2º. Certificación núm. 1 da obra "Mellora das pistas deportivas de O Terrón" da Orde do 21.03.2023 pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria de subvencións de carácter plurianual para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal.
- 3º. Honorarios técnicos da certificación núm. 1, liquidación da obra "Saneamento e abastecemento en Rúa Fontairo en Castrelo do Val e substitución de fosa séptica en Servoi"





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

do Fondo de compensación ambiental 2023 (PR483C)

### **ACTA 2023-20.** Xunta de Goberno Local do **28 de novembro de 2023:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 07.11.2023 (Acta 202/19)
- 2º. Conta xustificativa do Programa Provincial de Cooperación cos concellos BenOurense Infancia - servizos complementarios de atención á infancia para o ano 2023.
- 3º. Certificación núm, 1, liquidación da obra "Melloras do abastecemento de auga no concello de Castrelo do Val" da Liña 3 do Fondo Adicional ao Fondo de Cooperación Local para concellos de poboación inferior aos 15.000 habitantes. Acordos que procedan.
- 4º. Informe de seguimento do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Castrelo do Val.

Os presentes quedan enterados.

### **3º. DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 07.09.2023.**

Acto seguido, fíxose entrega dunha relación certificada das resolucións da Alcaldía dictadas desde a sesión **ordinaria** do Pleno de data **7 de setembro de 2023**, de acordo có seguinte:

143. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 06/09/2023.
144. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 06/09/2023.
145. APROBACION PAGO FINIQUITOS SETEMBRO, de data 07/09/2023.
146. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 07/09/2023.
147. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 15/09/2023.
148. APROBACION EXPEDIENTE E INVITACIONES - INSTALACIONES DEPORTIVAS MUNICIPALES, de data 18/09/2023.
149. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 18/09/2023.
150. ADXUDICACION CONTRATO MENOR MELLORA PISTAS DEPORTIVAS, de data 21/09/2023.
151. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 21/09/2023.
152. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 26/09/2023.
153. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 28/09/2023.
154. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 28/09/2023.
155. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 28/09/2023.
156. APROBACION PAGOS PRODUCTIVIDADE 2023, de data 28/09/2023.
157. APROBACION PAGOS FACTURAS O.E., de data 29/09/2023.
158. APROBACION PAGO NÓMINAS SETEMBRO, de data 29/09/2023.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

159. APROBACION PAGO NÓMINAS O.E., de data 02/10/2023.
160. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 06/10/2023.
161. LICENZA URBANÍSTICA REHABILITACION EDIFICACIONES PARA CENTRO SOCIAL EN PORTOCAMBA, de data 10/10/2023.
162. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 10/10/2023.
163. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 19/10/2023.
164. APROBACION PAGO FACTURAS O.E., de data 23/10/2023.
165. APROBACION PAGO NÓMINAS E FINIQUITOS OUTUBRO, de data 25/10/2023.
166. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 25/10/2023.
167. INICIO EXPEDIENTE POR EDIFICACION EN RUINA, de data 27/10/2023.
168. APROBACION PAGO NÓMINAS OUTUBRO, de data 30/10/2023.
169. APROBACION PAGO FACTURAS O.E., de data 31/10/2023.
170. APROBACION PAGO NÓMINAS O.E., de data 31/10/2023.
171. APROBACION PAGO FACTURAS O.E., de data 31/10/2023.
172. APROBACION PAGO FACTURAS O.E., de data 31/10/2023.
173. APROBACION FACTURA OBRA FONDO COMPENSACION AMBIENTAL, de data 06/11/2023.
174. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 08/11/2023.
175. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 08/11/2023.
176. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 08/11/2023.
177. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 09/11/2023.
178. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 13/11/2023.
179. APROBACION LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS E EXCLUIDOS FUNCIONARIZACION AEDL, de data 14/11/2023.
180. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 20/11/2023.
181. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 20/11/2023.
182. APROBACION TARXETA ESTACIONAMENTO POR MINUSVALÍA, de data 20/11/2023.
183. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 21/11/2023.
184. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 23/11/2023.
185. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 28/11/2023.
186. APROBACION PAGO NOMINAS MES DE NOVIEMBRE, de data 30/11/2023.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

187. APROBACION LISTA ADMITIDOS E EXCLUIDOS DEFINITIVA FUNCIONARIZACION AEDL, de data 04/12/2023.
188. BONIFICACION IVTM VEHICULO GUADALUPE ROLAN NUÑEZ, de data 07/12/2023.
189. BONIFICACION IVTM VEHICULO MANUEL NUÑEZ RUA, de data 07/12/2023.
190. BONIFICACION IVTM VEHICULO JUAN CARLOS ALONSO FERRERO, de data 07/12/2023.
191. BONIFICACION IVTM VEHICULO JUAN ANTONIO RODRIGUEZ CAMBA, de data 07/12/2023.
192. BONIFICACION IVTM VEHICULO FELISINDO CASTRO CASTRO, de data 07/12/2023.
193. EXENCION IVTM VEHICULO AVELINO RODRIGUEZ ROLAN, de data 07/12/2023.
194. BONIFICACION IVTM VEHICULO MANUEL MARIO SALGADO ESTEVEZ, de data 07/12/2023.
195. EXENCION IVTM VEHICULO CELESTINO SALGADO SALGADO, de data 07/12/2023.
196. EXENCION IVTM VEHICULO JAVIER PEDROSO ROYO, de data 07/12/2023.
197. EXENCION IVTM VEHICULO JOSÉ RODRIGUEZ REQUEJO, de data 07/12/2023.
198. EXENCION IVTM VEHICULO JOSÉ TIAGO DA ENCARNAÇÃO DE JESÚS, de data 09/12/2023.
- Os presentes quedan enterados.

### 4º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA DE RECADACIÓN 2023 QUE FORMULA O SERVIZO DE RECADACIÓN DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERIN.

O Sr. Alcalde cede a palabra ao Secretario-Interventor.

O Secretario-Interventor sinala que como todos os anos, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, presenta o **resumo anual da xestión recaudatoria** do Servizo de Recadación, comprensivo de todos os tributos do concello que estiveron ao cobro no ano **2023**, a través dese Servizo, tanto en vía voluntaria como en vía executiva, sendo o devandito resumo, de data **15.11.2023** o que se transcribe a continuación e do que se da conta ao Pleno:

#### 1. CARGOS PENDENTES DO ANO 2022 E ANTERIORES:

CARGO INICIAL	+ ALTAS	- BAIXAS	- COBROS =	NOVO CARGO
77.856,71	4.173,33	3.733,37	17.367,87	60.888,80

#### 2. CARGOS NOVOS DO ANO 2023:

CARGO INICIAL	+ ALTAS	- BAIXAS	- COBROS =	NOVO CARGO
348.712,28	0,00	936,86	326.001,67	21.773,75

#### 3. TOTAL RESUMO:





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

CARGO INICIAL	+ ALTAS	- BAIXAS	- COBROS =	NOVO CARGO
426.568,99	4.173,33	4.670,23	343.369,54	82.662,55

Por Secretaría-Intervención aclárase que os datos están debidamente xustificados nas liquidacións presentadas polo Servicio de Recaudación neste ano **2023**, e que os cobros que se indican están debidamente ingresados nas Arcas Municipais, no ano **2023** e que así mesmo, os datos relativos a exercicios pechados, correspóndense có Resumo da Xestión Recaudatoria do ano **2022 e anteriores**; por todo o que foi informada favorablemente pola Intervención.

A continuación, o Sr. Alcalde somete a votación este Resumo da Xestión Recaudatoria do ano **2023**; que o Pleno aproba por **unanimidade** dos sete membros que legalmente o forman (5 **PSdeG-PSOE** e 2 **PP**).

Antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro ou grupo, por razóns de urxencia, desexa o tratamento dalgún asunto non incluído na orde do día que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Ningún concelleiro ou grupo fai uso desta facultade.

### 5º. ROGOS E PREGUNTAS.

Iniciouse o tratamento deste punto da orde do día cunha intervención da Sra. Manso Rodríguez (**PP**) en relación cun escrito presentado polo Grupo Municipal do PP o pasado 10 de novembro relativo a uns desprendementos de rochas na estrada de Campobeceros á Venta de Bolaño e de pintado dos bordes da estrada en cuestión.

Sobre dita solicitude, manifesta que xa saben que os desprendementos sobre a vía foron retirados, pero reiteran a súa petición de pintado dos bordes da vía para mellorar a seguridade da mesma.

O Sr. Alcalde respostou que o xoves 26 de outubro caeron pedras na estrada de Campobeceros a Portocamba e limpáronse ese mesmo día; e que o 27 de outubro houbo outro desprendemento de pedras na carretera das Ventas do Bolaño, que foron retiradas ou ese mesmo día, ou o 28 de outubro; polo que invita aos concelleiros do PP a que cando sexa así, en vez de presentar un escrito chamen por teléfono ao concello, para resolver o problema de que se trate.

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**) afirmou que eles, como representantes dos veciños, deixaron constancia por escrito do que estes lles pediron.

En relación có pintado desa estrada, o Sr. Alcalde respostou que se faría cando haxa dispoñibilidade orzamentaria.

Sr. Alcalde: *"No anterior pleno ordinario fixemos mención ás casas caídas, desmoronadas na*





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

*aldea de Monteveloso, falamos de Monteveloso, pero son abundantes as casas ruinosas en todas as aldeas do concello, polo que non é un problema menor, xa que a despoboación e o abandono das casas agravará o problema en poucos anos.*

*Como se explicou aquí, desescombrar unha casa ten gastos (sacar permiso e facer proxecto) polo tanto os propietarios optarán por facelo ilegalmente (sen permiso nin garantías) se non se lle facilita e se lle abarata o proceso.*

*O Grupo Popular Municipal propón que a través dun decreto municipal e ca colaboración do concello e os recursos dos que dispón (arquitecto técnico) se axude a trazar un plan para que os veciños poidan efectuar as demolicións, xa que tampoco hai que derrubar edificios nin nada dificultoso.*

*Consideramos que os veciños que viven de continuo nas aldeas teñen dereito a ter o pobo coidado e limpo, sen esa paisaxe destruída que ademáis de ser desagradable é perigoso e inseguro.*

*Sendo responsables e conscientes da cuestión, opinamos que é un tema que merece análise e estudo por parte do Grupo de Goberno"*

O Sr. Alcalde respostou que o principal problema nestos casos é o non atopar aos propietarios dos inmobles en ruínas, xa que os titulares son antepasados defuntos e hai un gran número de herdeiros en cada caso e moitos residindo fora ou ilocalizables. Polo que respecta a non cobrar taxas ou mesmo o ICIO pide ao Secretario que aclare se iso sería legal.

O interpelado que suscribe, manifesta a dificultade se non imposibilidade dunha medida desa índole.

Continúa o Sr. Alcalde reiterando que o problema grave é que os propietarios están mortos e moitas veces -dí- dar cós herdeiros é practicamente imposible; pero ademáis necesitaríase a autorización de todos eles ou a cesión ao concello, o que tamén faría imposible entrar nunha propiedade privada. Como moito -remata- poderase actuar nos supostos de declaración de ruína inminente e somentes para a retirada de elementos de cada concreta edificación dos que resulte perigo de caída á vía pública.

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**) rematou pedindo que se estude o tema que certamente está extendido por todo o concello.

Finalmente, o Sr. Alcalde desexou felices festas e ano novo a tódolos presentes.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

